



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

XLII COPA DEPUTACIÓN OURENSE ATLETISMO CAMPO A TRAVÉS – FINAL PROVINCIAL INDIVIDUAL E EQUIPOS VI CROS DE ANTIOQUÍA

26/01/2025 – REGULAMENTO

CLÁUSULA DE XÉNERO

A Federación Galega de Atletismo (FGA) garante a igualdade efectiva de homes e mulleres como un dos seus principios básicos de actuación. A tal fin, as mencións xenéricas en masculino que aparecen no presente Regulamento entenderanse referidas tamén ao seu correspondente feminino, salvo aqueles supostos en que especificamente se faga constar que se refire a un ou outro xénero.

1. ORGANIZACIÓN

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo coa colaboración de Limiactiva e co patrocinio da Deputación de Ourense organiza a **XLII Copa Deputación Ourense – Campo a Través – Final Provincial Individual e Equipos** e o **VI Cros de Antioquía**, que se celebrará o **domingo, 26 de xaneiro de 2024 no Hipódromo de Antela, Xinzo de Limia**.

2. PARTICIPACIÓN

2.1 PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL

- Poderán participar atletas federados con licenza da FGA na presente tempada.
- Poderán participar atletas populares nados no ano 2007 e anteriores.

2.2 PARTICIPACIÓN EQUIPOS

- Cada club federado poderá participar cun número ilimitado de corredores, puntuando para a clasificación final cun equipo por categoría e sexo.
- Na carreira ABSOLUTA participarán os atletas SUB20 – SUB23 – SÉNIOR – MÁSTER.
- Na categoría SUB18 participarán os atletas SUB18 e SUB16



**COPA
DEPUTACIÓN
OURENSE**

Actividade subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense



3. INSCRIPCIÓN

3.1 INSCRIPCIÓN ATLETAS FEDERADOS

Os atletas federados realizarán a súa inscrición a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata o **mércres, 22 de xaneiro ás 23:59**. A inscrición para os atletas federados é gratuíta.

3.2 INSCRIPCIÓN ATLETAS POPULARES

Os atletas populares realizarán a súa inscrición a través da web **carreirasgalegas.com** con límite ata o **mércres, 22 de xaneiro ás 23:59**. A inscrición para os atletas populares terá un prezo de **5€**.

4. HORARIO - DISTANCIA - CATEGORÍAS

HORA	DISTANCIA	CATEGORÍA
11:30	6 Km.	ABS - SUB20 - SÉNIOR - SUB23 - MÁSTER A - B - C - H/M
12:15	4 Km.	SUB16 - SUB18 - HOMES/MULLERES
12:45	2 Km.	SUB14 - HOMES/MULLERES
13:00	1,5 Km.	SUB12 - HOMES/MULLERES
13:10	1 Km.	SUB10 - HOMES/MULLERES

CATEGORÍA	ANO	CATEGORÍA	ANO
SUB10	2016/2017	SUB20	2006/2007
SUB12	2014/2015	SUB23	2003/2004/2005
SUB14	2012/2013	SÉNIOR	2002 ata 34 anos
SUB16	2010/2011	MÁSTER A	35 a 44 anos
SUB18	2008/2009	MÁSTER B	45 a 59 anos
		MÁSTER C	>60 anos
		ABSOLUTA	Desde 2007 a Máster

5. CIRCUÍTO

Ver Anexo I

6. RETIRADA DE DORSAIS

Os dorsais de atletas federados serán recollidos polo Delegado do Club (ou persoa autorizada) en Secretaría con antelación suficiente á celebración da proba.

Os dorsais de atletas populares serán recollidos individualmente en Secretaría con antelación suficiente á celebración da proba.



7. CÁMARA DE CHAMADAS

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma.
- Deberán acceder á vez todos os integrantes do equipo.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da Cámara de Chamadas → 10' antes da proba.

8. PREMIOS

8.1 PREMIOS

XLII COPA DEPUTACIÓN OURENSE ATLETISMO – CAMPO A TRAVÉS

8.1.1 Individual

Recibirán unha medalla os tres primeiros atletas clasificados de cada categoría que cumpran 3 das seguintes condicións:

- Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
- Ser ourensán de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
- Ter domicilio legal na provincia de Ourense (acreditado mediante certificado de empadramento).
- Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Ourense para a tempada 2025.

É de obrigado cumprimento acudir ao podio, no caso contrario non se fará a entrega da medalla.

8.1.2 Equipos

Recibirán un trofeo os tres primeiros equipos ABSOLUTOS e das categorías SUB18 (Inclúe SUB16) – SUB14 – SUB12 – SUB10 Homes e Mulleres

É de obrigado cumprimento acudir ao podio, no caso contrario non se fará a entrega do trofeo.

Sistema clasificación por equipos:

- Confeccionarase, para cada categoría, unha listaxe por orde de chegada, conformada polas 4 primeiras persoas que cheguen a meta de cada equipo e excluindo deste a aquelas persoas cuxos equipos non cheguen a meta con 4 integrantes.
- Atribuiráselle a cada atleta un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo a citada listaxe.
- A puntuación do equipo obterase pola suma de puntos dos 4 mellores clasificados/as de cada equipo.



- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto atleta teña finalizado máis preto do gañador da proba.

8.2 PREMIOS VI CROS DE ANTIOQUÍA

- Trofeo para os tres primeiros clasificados na categoría ABSOLUTA Homes e Mulleres
- Trofeo para o primeiro clasificado das categorías SUB20 - SUB23 - SÉNIOR - MÁSTER A - B - C Homes e Mulleres
- Os premios non son acumulativos

9. SERVICIOS MÉDICOS

A proba disporá dos servizos médicos obrigatorios e recomendados dacordo coa lexislación vixente.

A organización disporá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente. Todas as persoas inscritas estarán cubertas por unha póliza de seguros de accidentes.

10. LOPD

Todas as persoas corredoras, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou Internet. Mediante a inscrición, o participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola, organización e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades.

11. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n, 15008 A Coruña.